

05 calidade e espazo europeo

A actividade desenvolvida pola Vicerreitoría de Calidade e Harmonización Europea e os servizos dependentes dela no ano 2006 seguiu os eixos marcados desde o seu comenzo.

En primeiro lugar, mantemento do nivel acadado na avaliación dos servizos, titulacións e profesorado, facendo fincapé na auditoría dos servizos certificados e na publicación das cartas de servizo; planificando a incorporación ás políticas de calidade dos laboratorios de investigación, reavaliando algunas das titulacións que necesitaban dunha actualización metodolóxica e da actualización do seu plano de melloras; e facendo públicos todos os planos de mellora de todas as titulacións da UDC que foron avaliadas. Nesta materia, a nosa universidade ocupa unha posición privilexiada respecto doutras moitas do Estado.

En segundo lugar, mantenemento das políticas de avaliación docente e formación do profesorado (tanto inicial como continua) que seguen a estar entre as más salientables do Estado. Neste ano planificarónse e presupostáronse as actividades do Plano de apoio á xestión coas que se pecha o círculo da formación para a mellora continua na UDC e que complementan as que foron organizadas pola Xerencia e a formación adaptada ao posto derivada dos planos de melloras dos servizos da UDC. Non convén esquecer que todos os sectores da comunidade universitaria están chamados a esta tarefa de mellora continua a través da formación. Un bo exemplo disto pode verse na actividade que desenvolven o Centro de Lingua e a Aula de Formación Informática.

Mais un dos sinais de que a UDC está viva e disposta a enfrentar os retos do espazo europeo podémolo atopar na importante participación en actividades de innovación. Concretáronse na III Convocatoria de grupos departamentais de calidade e na II Convocatoria de contratos programa para o deseño estratéxico e a innovación. A participación revela que a nosa universidade está na vanguarda dun ensino de calidade e que aspira a que esta sexa tamén a nosa bandeira na investigación e na xestión universitaria.

Un claro reflexo de todo isto podémolo visualizar na exitosa preparación dos novos programas oficiais de posgrao. Implantáronse en tempo récord e cun nivel de eficiencia importante. Grazas, todo isto, á implicación do persoal do Servizo de Informática e Comunicacións, do profesorado partícipe, da dirección e do persoal das administracións dos centros.

A eficacia da metodoloxía empregada para a proposta e implantación de novos títulos oficiais permitiu refinrar o procedemento seguido para avaliar os novos programas oficiais de posgrao presentados pola UDC para implantar no curso 2007-08. A participación da Unidade Técnica de Calidade e da Comisión de Posgrao no proceso avaliador foi, sen dúbida, exemplar e o resultado do proceso óptimo desde a perspectiva da UDC.

► Grupos departamentais de calidade

Os grupos departamentais de calidade elaboran as guías docentes necesarias para adaptar as materias ao novo sistema de créditos europeos ECTS.

A primeira convocatoria realizouse en 2004 e contou cun elevado nivel de participación por parte do profesorado.

**Cadro 20
Grupos departamentais de calidade**

Convocatoria	N.º profesores	N.º grupos
11- maio- 2004	348	106
30- xuño- 2005	483	160
19- xullo- 2006	493	169

► Unidade Técnica de Calidade (UTC)

**Cadro 21
Actividade da UTC: Estudos e formación**

Másters oficiais aprobados no 2006/07	10
Másters interuniversitarios no 2006/07	4
Doutoramentos aprobados no 2006/07 enmarcados en Programas Oficiais de Posgrao do ano anterior	2
Doutoramentos interuniversitarios aprobados no 2006/07 enmarcados en Programas Oficiais de Posgrao do ano anterior	4

■ Calidade e espazo europeo

**Cadro 22
Actividade da UTC: Calidade e espazo europeo**

Avaliación de titulacións	100%
Reavaliación de titulacións	4
Planos de mellora	42
Avaliación de servizos	9
Cursos de formación	5

— Titulacións

- A avaliación das titulacións da UDC, dado que xa foi realizada nun 100%, lévase a cabo este ano mediante a reavaliación daquelas que o soliciten (catro) e elaborando planos de mellora nas restantes. As titulacións reavalidas son:
 - enxeñaría de Camiños, Canais e Portos
 - licenciatura en Socioloxía
 - diplomatura de Relacións Laborais (A Coruña)
 - diplomatura de Relacións Laborais (Ferrol)

— Formáronse as comisións de garantía de calidade de 42 titulacións para elaborar os seus planos de mellora.

— Servizos

- Realizouse a avaliación de 4 servizos da UDC mediante o modelo EFQM:
 - Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante (SAPE)
 - Servizo de Intervención
 - Servizo de Xestión Financeira
 - Servizo de Retribucións, Seguridade Social e Acción Social
- Realizáronse as auditorías de seguimento en 4 servizos dos 11 que obtiveron a certificación no ano 2005:
 - Unidade Técnica de Calidade (UTC)
 - Oficina de Transferencia de Resultados de Investigación (OTRI)
 - Rexistro Xeral
 - Área de Deportes.
- Aprobáronse 9 cartas de servizos na Comisión de Garantía de Calidade da Universidade:
 - Unidade de Medios Audiovisuais
 - Unidade Técnica de Calidade.

— Sección de Inventario e Patrimonio (Servizo de Patrimonio, Inventario e Xestión Económica):

- Oficina de Cursos e Congresos
- Servizo de Prevención de Riscos Laborais
- Servizo de Normalización Lingüística
- Oficina de Apoio (Convenios e Contratos)
- Sección de Protocolo
- Unidade de Estudos Propios de Posgrao

— Cursos de formación

- Planificación estratégica nas titulacións
- Cartas de servizos na UDC: obradoiro práctico de implantación (2 edicións)
- O Espazo Europeo de Educación Superior nas titulacións de diplomado en Turismo e diplomado en Relacións Laborais
- UNE-EN-ISO/IEC 17025: 2005

► Contratos-programa

Á segunda convocatoria de contratos-programa para o deseño estratégico e a innovación, presentáronse un total de 257 solicitudes individuais ou colectivas.

Este tipo de contratos-programa pretenden mellorar a cultura da calidade nos diferentes ámbitos da comunidade universitaria.

**Cadro 23
Contratos-programa para o deseño estratégico e a innovación en 2006**

	1.ª convocatoria	2ª convocatoria	Total
Centros	17	27	44
Departamentos	11	-	11
Servizos	6	-	6
PDI	46	85	131
PAS	19	42	61
Total	103	154	257


Cadro 24
Evolución da participación do profesorado na avaliação docente

Profesorado		
	Participantes	Porcentaxe
Curso 2003-04	557	44,40
Curso 2004-05	552	38,30
Curso 2005-06	549	40,10

Cadro 25
Evolución da participación do alumnado na avaliação docente

Alumnado		
	Participantes	Porcentaxe
Curso 2003-04	2669	11,60
Curso 2004-05	4291	17,90
Curso 2005-06	4070	17,72

Cadro 26
Participación de alumnado e profesorado na avaliação docente



■ Formación e asesoramento

A Unidade de Formación e Asesoramento comezou a desenvolver o Plano de formación inicial (PFI), e seguiu co Plano de apoio ao ensino (PAE) e co Plano de apoio á aprendizaxe (PAA).

O PAE, logo de se suprimir o Programa sobre o Espazo Europeo de Ensino Superior, dividiuse en tres programas que suman 218 horas de formación. Ofertáronse 530 prazas e expedíronse 430 certificados de asistencia.

**Cadro 27
Programas do Plano de apoio ao ensino (PAE)**

Programas	N.º de cursos
Programa de Metodoloxía Didáctica	10
Programa de Tecnoloxía Educativa	8
Programa de Saúde e Prevención de riscos laborais	3
Total de programas	21

O PFI é o programa innovador que se puxo en marcha en 2006. Oriéntase á formación do profesorado novel na universidade. En total ofertáronse 18 cursos, que suman 200 horas de formación. Ofrecéronse 100 prazas e expedíronse 90 certificados de asistencia. Dividiuse, neste caso, en catro programas:

**Cadro 28
Programas do Plano de formación inicial (PFI)**

Programas	Nº de cursos
Programa de Contexto socio-institucional da UDC	2
Programa de Metodoloxía Educativa	7
Programa de Tecnoloxía Educativa	5
Programa de Saúde e Prevención de riscos laborais	4
Total de programas	18

- Dentro do Plano de Apoio á Aprendizaxe, realizáronse 12 cursos, que suman un total de 120 horas de formación. Recibíronse 2.131 preinscricións para as 360 prazas ofertadas e das cales se expediron finalmente 252 certificacións de asistencia.